

Luns, 24 de agosto de 2026

Núm. 161

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LALÍN****Persoal, oposicións***MODIFICACIÓN DO TEMARIO DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR SOCIAL FUNCIONARIO DE CARREIRA GRUPO A2**ANUNCIO MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA GRUPO A2 DESTE CONCELLO DE LALÍN.*

A Xunta de Goberno Local na sesión do 7/08/2026 por unanimidade dos asistentes acordou:

Primeiro.— Admitir a trámite o recurso potestativo de reposición interposto con data 3 de agosto de 2026 por Dña. María Rosario Capelo Casas, en nome e representación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, contra as Bases Específicas do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Traballador/a Social do Concello de Lalín.

Segundo.— Estimar o recurso no sentido de recoñecer que a inclusión de referencia á normativa derogada nos Temas 28, 44 e 49 do temario específico constitúe un vicio de anulabilidade das bases no extremo relativo ao temario, nos termos do artigo 48.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Terceiro.— Ordenar a retroacción do procedemento ao momento inmediatamente anterior á aprobación das bases, coa finalidade de proceder á elaboración, aprobación e publicación dun temario actualizado e conforme á lexislación vixente.

Cuarto.— Aprobar novamente as bases da convocatoria, que substitúen ás aprobadas con anterioridade, incorporando unha modificación parcial do temario, consistente en deixar sen efecto os temas afectados e substituílos polos adaptados á normativa vixente, nos seguintes termos:

Temas que se deixan sen efecto:

- Tema 28: A Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social na Comunidade Autónoma de Galicia. Estrutura e contido. Modificacións introducidas.
- Tema 44: Colectivos específicos V: a Lei 3/97, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia. Programas de actuación. Normativa vixente nesta materia.
- Tema 49: Colectivos específicos X: persoas con discapacidade. A Lei de integración social dos minusválidos. LISMI.



Luns, 24 de agosto de 2026

Núm. 161

Temas que os substitúen:

- Tema 28: A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: estrutura e contido. Réxime xurídico da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA).
- Tema 44: Colectivos específicos V: a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: estrutura e contido. Medidas de protección á familia e á convivencia. Normativa vixente nesta materia.
- Tema 49: Colectivos específicos X: persoas con discapacidade. O Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: estrutura e contido. Normativa vixente nesta materia.

Quinto.— Establecer os efectos da retroacción nos seguintes termos:

- a) Publicación: O temario modificado deberá publicarse nos mesmos medios en que se publicaron as bases íntegras orixinais, é dicir, na páxina web e sede electrónica deste Concello, e o acordo de modificación adoptado pola Xunta de Goberno Local no BOPPO, DOGA e BOE.
- b) Prazo de presentación de instancias: Deberá abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes nos termos legais. As solicitudes xa rexistradas con anterioridade á modificación manterán plena validez e eficacia, sen necesidade de nova tramitación nin ratificación por parte das persoas interesadas. O novo prazo abrirase exclusivamente para aquelas persoas aspirantes que non presentasen solicitude con anterioridade e desexen participar no proceso selectivo.
- c) A modificación do temario non afectará á validez dos demais actos xa ditados no procedemento, sempre que non resulten incompatibles coa modificación operada.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

Alcalde do Concello de Lalín,

José Crespo Iglesias.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:KNJRN3JKSJQPGANI

